XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

2016 GaliciaSkills

GaliciaSkills 2016

IV CAMPIONATO GALEGO DA FORMACIÓN PROFESIONAL

Coidados de beleza

Convoca:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

galicia
UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

Introdución e obxectivos

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia, organiza o IV Campionato Galego de Formación Profesional na especialidade de "Coidados de beleza".

A competición de "Coidados de beleza" trata sobre os aspectos técnicos e as habilidades necesarias para desenvolver as profesións de esteticista e/ou asesor/ora de beleza.

Os obxectivos da competición son:

- Pór en valor a calidade e o atractivo das ensinanzas de formación profesional da familia profesional de "Imaxe persoal", que se imparten nos centros da nosa comunidade autónoma.
- Motivar o alumnado para a mellora da calidade da FP.
- Recoñecer e estimular o labor do profesorado.
- Potenciar as relacións dos centros onde se imparten estas ensinanzas coas empresas deste sector.
- Seleccionar a persoa competidora que represente a Galicia no skill de "Coidados de beleza" na Olimpíada de Formación Profesional SpainSkills 2017.

Os ciclos formativos relacionados con esta competición son:

- CS Estética integral e benestar.
- CM Estética e beleza.

Requisitos de participación

- Cada centro presentará unha única persoa participante, que deberá ir na compaña dun profesor ou unha profesora que se comprometa a exercer o papel de titor ou titora.
- As persoas competidoras deberán ter unha idade máxima de 21 anos o 31 de decembro de 2016.
- Deberán tamén estar matriculadas nun ciclo formativo no curso 2016-2017.
- Durante a competición realizaranse reportaxes fotográficas que se utilizarán para a difusión dos campionatos de formación profesional. As persoas participantes autorizan a utilización destas fotos e destes vídeos para tal fin.

Inscrición

A inscrición realizaraa o centro educativo, cubrindo a solicitude de inscrición e remitíndoa ao enderezo de correo electrónico sxfp@edu.xunta.es. Esta solicitude atópase na páxina web de www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills, onde pode consultarse toda a información sobre o campionato.

O prazo de inscrición finaliza o día 31 de maio.

Lugar e data de celebración das probas

O lugar e o día de celebración da competición comunicarase a través da páxina web www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills. Todas as competicións desenvolveranse no mes de outubro.

Contidos das probas

Materiais e ferramentas para achegar polas persoas participantes

As ferramentas propias da profesión de "Coidados de beleza" son:

- Pinzas de depilar.
- Esponxas de maquillaxe e borlas.
- Pinceis de maquillaxe (todos os tipos e tamaños).
- Espátulas de crema / máscara facial.
- Toallas de diferentes tamaños (grande, mediana e pequena).
- Bandós / gorros.

Nota: a persoa concursante deberá achegar polo menos unha modelo para as probas.

Descrición da proba

A proba consistirá na elaboración de tres traballos:

Proba 1: maquillaxe de noiva ou evento
Proba 2: masaxe corporal completa
Proba 3: tratamento facial con técnicas electroestéticas

O xurado valorará tanto a parte técnica (manexo de equipamentos e utensilios, limpeza, orde, etc., durante a elaboración), como a procedemental (secuencia do tratamento, ritmo da masaxe, harmonía na maquillaxe, etc.).

O proba poderase modificar ata un 30 % antes de comezar a competición.

Criterios de avaliación e/ou puntuación

A puntuación será:

A.	Tratamento facial	40 %
B.	Maquillaxe	30 %
C.	Masaxe	30 %

Xurado

Será o responsable da avaliación dos participantes e a súa decisión será inapelable.
Estará constituído por dona María Lourdes Mourelle Mosqueira, experta do skill de "Coidados de beleza" de Galicia, que será a presidenta do xurado, ademais do profesorado da especialidade e representantes das empresas patrocinadoras, de ser o caso.
Se algún membro do xurado é profesor ou profesora no centro onde curse os seus estudos algunha persoa participante, absterase de avaliala.

Premios

- A persoa competidora con maior puntuación obterá a medalla de ouro no skill de "Coidados de beleza" e representará a Comunidade Autónoma de Galicia na Olimpíada SpainSkills 2017.
- Quen obteña a seguinte mellor puntuación en cada skill obterá a medalla de prata nesa especialidade e será suplente para representar a Galicia na Olimpíada SpainSkills 2017.
- Os premios faranse públicos nun acto conxunto de entrega de premios e diplomas.
- Se o considera oportuno o xurado, algún premio pode quedar deserto.
- Todas as persoas competidoras recibirán un diploma que certifique a súa participación en GaliciaSkills 2016.